



Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 27/01/10:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde fai meses os veciños e veciñas do barrio de A Cardaña, na parroquia de San Adrián de Cobres, levan sufrindo continuos cortes de electricidade. Os cortes teñen lugar, incluso, sen haber inclemencias meteorolóxicas e son moi frecuentes e de varios minutos, incluso horas, de duración. No que vai de ano xa se produciron tres días os cortes, dous deles consecutivos.

Segundo informaron aos veciños e veciñas os técnicos que acudiron ao lugar a arranxar a avaría, esta débese á falla de potencia do transformador propiedade de Unión Fenosa, agora Gas Natural, incapaz da abastecer coa potencia necesaria a demanda de enerxía dos veciños do barrio.

Xa que logo, a avaría débese a un fallo infraestructural na rede e non a un incidente puntual é necesario que as administracións fagan o posible para arranxar este problema.

Por iso solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro. O Concello de Vilaboa dirixirase á Consellaría de Industria e á empresa subministradora do servizo para que, no menor tempo posible, arranxen o problema.

Vilaboa, 22 de xaneiro de 2010.

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA